



Hai mecanismos de superficie, que son seguros e a súa instalación non dana a pedra.

## Os porteiros automáticos

### 70. Como eran antes?

Ata hai non moito tempo, as portas das casas permanecían naturalmente abertas e permitían o libre acceso ao seu interior. Despois, enxeñosos e sinxelos mecanismos permitían observar os que chamaban á porta do edificio sen necesidade de ser vistos. Pequenas trapelas colocadas no piso das vivendas sobre soportais e as miras das portas son un exemplo disto. Tamén, mediante poleas e un cordón, podíase abrir a porta desde arriba.

### 71. Pódense empregar?

A posibilidade de coñecer a identidade de quen chama e de abrir a porta sen necesidade de baixar ao portal é xa unha condición de todos os edificios. Nos edificios tradicionais pódense instalar sen problemas, e só require prever o paso dos condutos das instalacións e o acordo dos veciños.

### 72. Como se instalan?

Dúas cousas debemos ter en conta. Que a instalación dos fíos eléctricos necesarios deberá facerse de forma coordinada sen duplicar no posible condutos desde o portal ás vivendas, e que o mecanismo exterior de chamada se pode colocar na superficie, aparafusado, sen necesidade de perforar ou baleirar un espazo na pedra para introducilo. É máis barato, cumpre a mesma función e non danamos a pedra.